**Gótico** O gótico en Galicia non tivo tanta importancia como o románico, aínda que temos exemplos como a Igrexa de San Francisco en Betanzos e a de San Domingos de Pontevedra.

O estilo gótico ten ventás grandes con vidreiras de cores e as súas portas e as súas ventás teñen forma de arco apuntado.

As igrexas góticas eran más altas e más luminosas que as románicas.

Construíron grandes catedrais góticas, como as de León ou Burgos.

**Islámico** O estilo islámico ten decoración xeométrica e as súas portas e as súas ventas teñen forma de arco de ferradura.

Durante o califato, Al.-Ándalus viviu unha época de esplendor e nas cidades construíron mesquitas, palacios, baños,...

Os arquitectos construíron belos edificios como o palacio da Aljafería en Zaragoza no século XI, a Mesquita de Córdoba ou o pazo da Alhambra de Granada.

O **árabe** era a lingua dos musulmáns e desa lingua herdamos moitos vocábulos como: azotea, almadraba, alxibe, azulexo e álxebra.

Os músicos tocaban os tambores, a pandeireta, o laúde e outros instrumentos parecidos á guitarra.




### As construcións medievais en Galicia

Os monumentos medievais más importantes de Galicia son:

- **Castelos** – construcións de pedra que servían para defender o territorio, como os de Vilasobroso, Doiras, Pambre e Monterrei.
- **Pazos** – como o do arcebispo Xelmírez, en Santiago.
- **Edificios relixiosos**
  - **Catedrais** – como as de Santiago, Ourense, Mondoñedo e Tui
  - **Igrejas** – como as de Santa María de Cambre, San Francisco de Betanzos, San Martín de Mondoñedo e San Domingos de Pontevedra
  - **Mosteiros** – como os de Carboeiro, Armenteira, Samos, etc

Cara o 1140, escríbese a considerada como primeira guía turística da historia, o **Códice Calixtino**. Nel describese o camiño francés: as súas paisaxes, os pobos e os seus costumes; ...



Na Idade Media aparecen as **primeiras composicións escritas en galego**, unhas poesías chamadas **cantigas**. Tamén as “**Cantigas de Santa María**” do rei Afonso X o Sabio, no século XIII.

“Ondas do mar de Vigo,  
se vistes meu amigo!  
e ai Deus, se verrá cedo!

Ondas do mar levado,  
se vistes meu amado!  
e ai Deus, se verrá cedo!

Se vistes meu amigo,  
o por que eu sospiro!  
e ai Deus, se verrá cedo!

Se vistes meu amado  
por que ei gran cuidado!  
e ai Deus, se verrá cedo! ”

Martín Códax



<http://recursostic.educacion.es/kairos/web/mediateca/cartoteca/cartoteca.html>

<http://club.telepolis.com/darnil/Historia/godos.htm>

5º A

# Aventura en Terra Máxica

Era unha fría tarde de inverno no ano 2163 en Terra Máxica, unha illa situada nun mundo virtual, onde vivía: Mac "Cara Cadrada" o protagonista da nosa historia, que comeza sendo un pouco inmaduro pero logo cambia, xunto cos seus amigos: Fernando, un xoven amante dos animais, intelixente e amable e Bam, un delfín robot que vixiaba unha porta que servía para ir ao mundo real.

Noutro lado da illa vivía o temido Vampirán, que tiña a metade do corpo de ósos e a outra de pel e o seu axudante Morcigueitor, a quen lle encantaba matar.

Aíl! esquecíaseme falarvos de Bolindo, un personaxe moi orixinal, pois era unha bóla que falaba e tiña poderes máxicos; aínda que, coma era moi xoven, non os sabía controlar moi ben.



Mac e Bolindo estaban na casa de Fernando vendo aos seus animais e déronse conta de que faltaba un coello, e pensaron que estaría no castelo de Vampirán. E era certo, alí estaba. Entrara sen darse conta.

Fernando estaba moi triste porque era o seu coello favorito, e dixo:

- Adeus coello!!

Pero Mac gritoulle:

- Fernando, non nos podemos render así, porque iso sería ser un galiña, pero nós non o somos: así que veña, alá imos!

E foron. Entraron e, de repente, as luces apagáronse e todos gritaron:

- Ah, ah, ah, ah!!!!!!!

Escoitouse un ruído, era o coello de Fernando. Fórono collar, pero el non se deixaba. Pensaba que eran outras persoas, pero Mac púxose nunha punta e os outros noutra, así non se escaparía. Fernando tirouse e ... atrapou o coello pero...

Chegou Vampirán, o malvado vampiro, que daba moito medo, e preguntou:

- Que facedes no meu castelo?

E Fernando respondeulle:

- É que se me escapou un coello...

Morcigueitor dixo:

- Fóra do noso castelo!

E correrón. Pero era unha trampa, xa que Morcigueitor pechara a porta. De súpeto dixo:

- Ides morrer!





Entón, Bolindo fixo un conxuro para voar sen ás. E todos voaron ata unha ventá. E así saíron fóra.

Ao día seguinte Mac asomouse á ventá da súa casa e berrou:

-Neve, nevel

Entón decidiu chamar aos seus amigos para celebrar o rescate do coello. E foron xunto a Bam, porque este non podía saír do posto de vixilancia da Porta Máxica.

Mentres eles xogaban coa neve, Vampirán, no seu castelo, estaba ideando un plan para vingarse. Despois de moito cavilar, decidiu... secar o río que abastecía de auga a toda a poboación da illa de Terra Máxica; utilizando os seus poderes máxicos, colocou unha presa no alto da montaña onde nacía o río formando así un gran encoro.

Deseguido, chegoulles a noticia a Mac e aos seus amigos. Colleron as bicicletas e, xunto con Bolindo, achegáronse ao encoro que fixera Vampirán.

Despois de moito pensar, a Fernando ocorréuselle unha idea: ir buscar a Bam, o delfín robot, co fin de que este se metera dentro do encoro para escavar un túnel e así darlle saída á auga.

Aos demais pareceulle unha boa idea e decidiron levala a cabo. O único inconveniente era que tiñan que deixar a alguén vixiando a Porta Máxica; Bolindo presentouse voluntario e todos estiveron de acordo.

O plan foi todo un éxito porque, a parte de resolver o problema da auga, caeu o encoro derrubándose en moitos anacos.

Fartos de pelexar con Vampirán, decidiron ir xunto de Listeriol, que era o máis sabio de todos os sabios da Illa Máxica, a pedirlle consello.

Despois de moito camiñar monte arriba, atopáronse de fronte cun piñeiral e viron saír fume do medio dos piñeiro. Entón souberon que chegaran á cabana de Listeriol.

Explicáronlle a Listeriol o seu problema con Vampirán e pedíronlle consello.

-Esta apócema pode converter a Vampirán en boa persoa, pero ten que bebelo.- díxolle Listeriol.

Á volta, ían todos calados pensando como farían para conseguir que Vampirán bebera a apócema máxica e así rematar con todos os seus problemas.

De súpito, Mac dou coa solución:

- Xa está!! Bolindo encargarase de hipnotizar a Vampirán e darlle a apócema.

Todos miraban fixamente a Bolindo, e el non sabía que dicir.



-É que... é que... aínda non controlo ben os poderes...  
E todos animárono e déronlle apertas. Bolindo emocionouse.  
- Está ben!! Bua, bua, bua... VOU SALVAR O MUNDO!!  
E dixo Mac:  
- Non esaxeres. Con salvar a nosa illa de Vampirán abonda.

Pasaron uns cantes días nos que Bolindo estivo ensaiando día e noite e, cando veu que estaba preparado, foi coller a apócema sen avisarlle a ninguén. Despois dirixiuse cara o castelo de Vampirán. Voou ata unha ventá que estaba aberta e por alí entrou.

Atopouse nun salón cheo de morcegos, arañas e arañeiras, dáballe todo moito noxo. Decidiu esperar a que viñeran Vampirán e Morcigueitor.


Para pasar o tempo sentouse no sofá e encendeu un gran televisor de plasma de 60 pulgadas. Despois dun bo rato chegaron Vampirán e Morcigueitor. Bolindo empezou a facer xiros no aire coma unha abella e... hipnotizou a Vampirán e ao seu morcego. Nese intre aproveitou, para coller na cociña dous funiles para que non atragantasen ao beber a apócema .

Despois de darlla, volveunos á realidade. Quedouse abraiado ao comprobar que Vampirán e Morcigueitor xa non eran os mesmos. A transformación era total: a Vampirán xa non se lle vían os ósos, todo el era de aspecto humano. Ademais lucía un espléndido sorriso, xa non daba nada de medo. Pola súa parte, Morcigueitor encollera e convertérase nun morcego normal.

Despois das presentacións, fixéronse amigos os tres: Vampirán, Morcigueitor e Bolindo e decidiron ir xunto Mac, Fernando e Bam para dirlles esa estupenda noticia.

Menuda sorpresa cando os viron chegar, non o podían crer!! De contado Bolindo os puxo ao día. Isto si que era para celebrar. Farían unha festa por todo o alto.

E colorín colorado este conto queda rematado.



Noel Barreiro Barreiro (6ºA)  
Daniel Durán Chapela (6ºA)  
Lorena Fernández Estévez (6ºA)  
Arón Fernández Otero (6ºA)  
Saray Fernández Paredes (6ºB)  
Paula Santos Piñeiro (6ºB)

# A PRENSA

Ao falar de prensa referímonos a publicacións en lingua escrita que teñen como misión informar. Estas publicación tamén permiten que a xente poida opinar ou criticar sobre asuntos que lle interesan.

A prensa podemos clasificala en **periódicos e revistas**.



## PERIÓDICOS.

Os periódicos á súa vez poden ser “**diarios**” que son as publicacións que aparecen tódolos días tales como: La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Diario de Pontevedra, Atlántico ... ou “**especializados**” en diferentes temas como: Marca , As, Magisterio ...

## REVISTAS.

As revistas son publicacións que adoitan ser semanais ou mensuais. Diferéncianse dos periódicos polo tipo de papel que se emprega que é de maior calidade, porque inclúen moitas más fotos na súa presentación, teñen más vistosidade e están especializadas en multitud de temas.

Así podemos atopar revistas **científicas** como: Muy Interesante, Investigación y Ciencia, Como Funciona ... revistas **do corazón** como: Diez Minutos, Lecturas, OK! ... revistas de **historia** como: Historia, Muy Historia, Historia y Vida ... revistas **sensacionalistas** como: Q.M.D., Inteviu, Sálvame... revistas **deportivas** como: Espacio submarino , NBA, Más Que Deporte ... e outras moitas más que se ocupan da **decoración, a moda, a política, a educación** ....

## RADIOGRAFÍA DUN PERIÓDICO.

Para analizar o interior dun periódico, catro grupos diferentes de alumnos, utilizamos a Voz de Galicia e dividimos o seu contido en catro partes: **portada, contraportada, páxinas interiores e seccións**.

A PORTADA do periódico presentaba na cabeceira o logotipo da Voz, a data do día, ano de publicación, o número, os datos técnicos e a edición que neste caso era a do Morrazo. No resto da páxina aparecía a gran tamaño o titular da noticia do día, unha gran foto relacionada con ela e o seu pé de páxina, os titulares de outras noticias destacadas e a publicidade dunha distribuidora de peixe.




A CONTRAPORTADA estaba encabezada co logotipo da Voz, a data do día e uns **teléfonos de contacto**. Parte da páxina ocupábaa un **artigo** sobre un Picasso coruñés no que figuraba o **autor do artigo** e dúas **fotos** co seu correspondente **pé de páxina**, unha delas do pintor malagueño durante a súa estancia na Coruña. No resto da páxina aparecía un artigo titulado "Con el viento en contra" e unha **publicidade** dunha tenda de mobles.



A PÁGINA INTERIOR coa que traballamos comezaba co nome da sección “Economía” e a data do día. Gran parte da páxina estaba ocupado por un artigo relacionado cos recortes económicos en España. Comezaba cunha gran foto de

estudantes italianos manifestándose para protestar polos recortes do goberno. No medio do artigo aparecía outra **imaxé con elementos gráficos e estatísticos** co seu correspondente **pé de foto**. Tamén aparecían as fotografías de dúas **persoas que colaboraban** no artigo dando a súa opinión en temas económicos. Un pequeno artigo co nome do seu autor pechaba a páxina.



As SECCIÓNES do periódico serven para facilitar ao lector a procura de información. A Voz de Galicia que nos analizamos dispoña das seguintes:

A FONDO, GALICIA, OPINIÓN, NACIONAL, INTERNACIONAL, SOCIEDADE, A PROVINCIA E COMARCAS, DEPORTES, ECONOMÍA, O MAR, CULTURA, NECROLÓXICAS, ANUNCIOS, CARTELERA, PASATEMPOS e os SUPLEMENTOS: ECOVOZ, EDUCACIÓN.



Algunhas seccións da Voz son fixas como por exemplo: Deportes, Comarcas, Anuncios ... outras pola contra son periódicas como os suplementos: Educación, Ecovoz.

CUARTO.

XOVES, 3 DE MARZO DE 2011

DIARIO DE MONTEMOGOS

BELUSO

## ENTREVISTA AO MESTRE FARÍÑA

O alumnado de 6ºB interéssase por aspectos laborais e persoais do seu mestre, cando quedan poucos meses para a súa xubilación.



**Equipo de Redacción**  
Carmen  
Juan  
Saúl  
Tamara

**José Manuel:** Que é o máis duro do teu traballo?

**Mestre Faríña:** O máis duro do meu traballo son as cinco horas aguantando aos rapaces. Non e un traballo moi duro.

**Joel:** Como te sintes ao xubilarte?

**Mestre Faríña:** Primeiro, ainda non estou xubilado. Vou botar de menos o meu traballo.

**Maria:** Foiche difícil sacar a carreira?

**Mestre Faríña:** Persoalmente non me foi difícil porque xa daba clases cando fixen maxisterio. As oposicións fixenas á primeira.

**Saray:** Gústanche as novas tecnoloxías que hai no colexio?

**Mestre Faríña:** Si, son moi importantes, pero os da miña idade somos moi malos para estas novas tecnoloxías.

**José Manuel:** Gústache o traballo de mestre?

**Mestre Faríña:** Si, a verdade é que me gusta, puiden facer outros traballos.

**Joel:** Desde pequeno pensaches en ser mestre?

**Mestre Faríña:** Pois si porque son de familia de mestres, é

algo que me atrae, tamén hai outras carreiras que me gustan.

**Maria:** Cantos anos levas de mestre?

**Mestre Faríña:** Se conto os anos que levo oficialmente son vintenove, pero tamén estiven nunha academia de ensinanza privada.

**Saray:** Tes muller?

**Mestre Faríña:** Si, paréceme que si. Estou casado. Casei no ano 1979.

**José Manuel:** Que pensas facer despois de que te xubiles?

**Mestre Faríña:** Desde logo penso buscar unha actividade, penso traballar nos sindicatos de ensino, hai moitos anos que estou afiliado a un sindicato, e tamén penso colaborar na ensinanza para inmigrantes.

**Joel:** Cantos anos tes?

**Mestre Fariña:** Teño 60, nacín o 25 de marzo de 1950. Polo tanto vou facer 61.

**Maria:** Acórdache algunha anécdota como mestre?

**Mestre Fariña:** Moitísimas como, por exemplo, traballei en Portonovo dous anos, tiña de compaÑeira a unha escritora moi famosa chamada

**Gloria Sánchez,** ocorréusenos aos dous que estabamos bastante tollos.

Tiñamos cada un en cada clase 39 rapaces de cinco anos, en total eran setenta e oito rapaces e ocorréusenos levalos de excursión á Madroa. Eramos dous profesores para 78 rapaces, foi unha locura.

**Saray:** Por que non te afeitas?

**Mestre Fariña:** Estaba sacando as oposicións e traballaba de obreiro. Había un material que me facía graniños e, entón, para que non me producira os grans, non me afeitaba. Levo desde o ano 1975 sen afeitarme. Os meus fillos nunca me viron sen barba.



XOVES, 3 DE MARZO DE 2011

DIARIO DE MONTEMOGOS

BELUSO

## ENTREVISTA A DON PEDRO

O alumnado de 6ºA realizou unha entrevista ao director deste centro, Don Pedro.



**Equipo de Redacción**  
Alejandro  
Noel  
Daniel  
Anxo

**Nerea: En que ano empezou como mestre e como director?**

Bueno, como mestre comecei no ano 1971 e, como director, no curso 1999-2000. Fui o último director do século XX e o primeiro do século XXI.

**Nerea:** Que experiencia lle gusta más, a de mestre ou a de director? Por que?

Gústame más a experiencia de mestre xa que fun preparado para ser mestre. Gústame a relación cos alumnos e o ensino.

**Nerea:** Como mestre, que asignaturas lle gustan más?

As asignaturas que me gustan más son as matemáticas e as ciencias naturais.

**Arón: E difícil o oficio de mestre?**

Todos os oficios son difíciles.

**Arón: Cal é ou foi o seu curso favorito?**

Realmente non me puedo decidir, xa que todos os cursos son os meus favoritos.

**Arón:** Por que deixou de ser mestre e seguiu co traballo de director?

Aínda sigo sendo mestre, xa que dou clases a algúns cursos.

**Clara:** Como é o trato cos seus alumnos?

Pois o meu trato é próximo e con confianza.

**Clara:** Que alumnos lle chamaron más a atención?

Pois ningún en particular, xa que teño antigos alumnos que teñen máis de 30 anos e outros de 7.

**XOVES, 3 DE MARZO DE 2011****DIARIO DE MONTEMOGOS**

**Clara:** Durante a súa carreira, expulsou a algún alumno?

Expulsar, expulsar non o fai o director, se hai que expulsar a alguén, faino o Consello Escolar.

**Lorena:** Ser director ocúpalle moito tempo da súa vida persoal?

Realmente si, non me ocupa só o tempo que boto no colexio senón todo o día.

**Lorena:** É avó?

Teño tres netas, chámense: a maior, Laura; a mediana, Níobe; e a pequena, chámase Sofía.



**Un momento da entrevista. Imaxe e Son:** Carlota, Mari, Serafin, Sergio, Yerón.

# LETRAS GALEGAS 2011

## LOIS PEREIRO

A celebración do día das Letras Galegas, cada 17 de Maio, foi instituída no ano 1963 pola Real Academia Galega para conmemorar a publicación do libro de Rosalía de Castro "Cantares Gallegos", un 17 de Maio de 1863 e homenaxeiar a algúñ escritor ou escritora en lingua galega.

"Cantares Gallegos", está considerada como a obra literaria que inicia o "Rexurdimento" da literatura e da cultura galega moderna.

Os autores homenaxeados nas Letras Galegas son :

1963 Rosalía de Castro	1988 Ramón Otero Pedrallo
1964 Castelao	1989 Celso Emilio Ferreiro
1965 Eduardo Pondal	1990 Luís Pimentel
1966 Francisco Añón Paz	1991 Álvaro Cunqueiro
1967 Manuel Curros Enríquez	1992 Fermín Bouza-Brey
1968 F. López Cuevillas	1993 Eduardo Blanco-Amor
1969 Antonio Noriega Varela	1994 Luís Seoane
1970 M. Valladares Núñez	1995 Rafael Dieste
1971 Gonzalo López Abente	1996 Xesús Ferro Counsello
1972 Valentín Lamas Carvajal	1997 Anxel Fole
1973 Manuel Lago González	1998 Martín Codax, Johan de Cangas e Meendinho
1974 X. V. Viqueira Cortón	1999 Roberto Blanco Torres
1975 X. Manuel Pintos Villar	2000 Manuel Murguía
1976 Ramón Cabanillas	2001 Eladio Rodríguez
1977 Antón Vilar Ponte	2002 Frei Martín Sarmiento
1978 Antonio López Ferreiro	2003 Antón Avilés Taramancos
1979 Manuel Antonio	2004 Xaquín Lorenzo Fernández
1980 Alfonso X, O Sabio	2005 Xesús Varela Vazquez
1981 Vicente Risco	2006 Manuel Lugrís Freire
1982 Luis Amado Carballo	2007 María Mariño Carou
1983 Manuel Leiras Pulpeiro	2008 Xosé María Álvarez Blázquez
1984 A. Cotarelo Valledor	2009 Ramón Piñeiro López
1985 Antón Losada Diégez	2010 Uxío Novoneyra
1986 Aquilino Iglesia Alvariño	2011 Lois Sánchez Pereiro
1987 Francisca H. Garrido	

Este ano a Real Academia Da Lingua Galega adícalle o día das Letras Galegas ao escritor monfortino Lois Sánchez Pereiro.



## BIOGRAFIA

Lois Pereiro nace en Monforte no 1958. Realiza estudos de tradución en Madrid, cidade á que marcharía co seu irmán Xosé Manuel con só dezasete anos. Alí mantense económicoamente vertendo ao castelán filmes e series para a televisión.

En Madrid vai estar vincellado, por amizade e por proxectos comúns, ao grupo que formaba con Manolo Rivas, Antón Patiño ou Xavier Seoane. Co esforzo de todos, naceron as publicacións de pulo innovador e, agora, xa míticas, *Loia* ou *Luces de Galiza*.

Porén, os riscos asumidos na vida madrileña de principios dos oitenta fixeron que Lois determinase o seu regreso á Coruña, onde se manteñen os nexos con aqueles que constituían o grupo de Madrid, e, de novo aquí, vivirá fundamentalmente do xornalismo. No eido poético participa na publicación colectiva *De amor e desamor* e integrarase, durante 1984 e 1985, no colectivo de mesmo nome. Este feito permite que o público comece a coñecer a súa obra e a valore con compracencia.

Gaña o Concurso Nacional de Poesía O Facho: todas as súas creacións poéticas, espalladas en antoloxías ou publicacións colectivas, reúnense en *Poemas. 1981/1991*, no 1992. O seu primeiro libro publicado reflicte xa unha

tendencia etiquetada como "punk", moi presente na súa vida. As razóns para esta clasificación son unha actitude certamente existencialista, de sarcasmo esmagador e corrosivo, un xogo de chiscadelas á autodestrución e á morte. As súas influencias semellan ben sofisticadas. Prioritariamente chéganlle do centro de Europa, do expresionismo austro-alemán, de Thomas Bernhard, Peter Handke ou de Carver. Pero non hai que esquecer que Valente é referente fundamental nos seus primeiros pasos: ao seu abeiro nace como poeta.

No 1995 aparece a *Poesía última de amor e enfermidade*. Con só dous libros publicados xa define un estilo literario curto e tenso, cualificado como de economía expresiva: non se excede en recursos formais, emprega abundantemente o establecemento dicotómico de realidades elementais (amor/desamor, vida/morte). Neste derradeiro libro, en vida, de Lois, que foi reeditado nos últimos tempos, atópase un novo xeito de entender a existencia: para aprehendela en profundidade é necesario ter conciencia da morte. Isto pode ter unha interpretación vitalista que encaixaría coa ríxida etiqueta de poeta maldito, ao entender que esta postura fronte á vida nace da súa propia experiencia, que se mergulla na liña que a separa da morte.

Lois Pereiro morre pouco despois, en 1996. Nese ano do seu finamento, o seu irmán, Xosé Manuel, fai que saia á luz *Poemas para unha Loia*, constituído a partir de composicións da época madrileña, xa publicadas naquela revista *Loia*, e dun ensaio: "Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia". Nel expón moitas das súas ideas e conviccións sociais e políticas, ofrecendo unha panorámica que inclúe unha chea de referencias directas a escritores, filósofos ou políticos dos que bebe.

Ademais, deixou oito capítulos dunha novela inacabada, *Náufragos do paraíso*, publicados na revista que fora dirixida por Manolo Rivas, *Luces de Galiza*.

Pero Lois Pereiro tamén lle puxo letras ás melodías do grupo punk Radio Océano, que o seu irmán lideraba. Porque o esforzo de Lois estivo canalizado cara á contracultura, na que militaba con vehemencia. E así, as súas verbas tamén se debuxan en fancines ou en escollidos guións.

Esta condición de "outsider" provoca a reticencia dos académicos á hora de dedicarlle o Día das Letras Galegas, pasados xa máis de dez anos da súa morte, a pesar de que a súa obra é cada vez máis valorada polos lectores e más considerada pola crítica.

O corredor de fondo perde o alento  
Fuxindo dunha vida inzada de renuncias  
da súa liturxia obesa e oleosa,  
mediocre nos seus comunais fracasos,  
  
bágoas de xelo, indignación contida  
non deu chegado a tempo de exercer  
a súa rebelión,  
nin de levar a cabo  
a súa vinganza definitiva  
contra un mundo inxusto, homicida, e cruel,  
pola inutilidade da súa propia vida  
  
solitario, enfermo e fatigado,  
a morte anticipouse e chegou antes.

De "Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995" de Lois Pereiro



Por Andrea Calviño, Alejandro Bernárdez, Noel Barreiro e Daniel Durán. (6ºA)

Bibliografía: Portal das Letras, Seminario Galán e Wikipedia

# OS BONSAIS

## Orixé:

A arte do bonsai orixinouse en China fai uns dous mil anos, como obxecto de culto para os monxes taoístas.

Para eles era símbolo de eternidade, a árbore representaba unha ponte entre o divino e o humano, o ceo e a terra.

Segundo a tradición, aqueles que podían conservar unha árbore en maceta tiñan asegurada a eternidade. Así foi como os monxes dispuñan as árbores pequenas en vasillas ao longo das escaleiras dos templos e ata eran fonte de culto. No sur de China, esta arte consistía en transmitir todas as características dunha árbore desenvolvida na natureza a unha árbore pequena cultivado en maceta. Foi levado a Xapón fai uns 800 anos, onde se perfeccionou e evolucionou á arte actual. O bonsai non é unha planta xeneticamente empequenecida. Mantense pequena dándolle forma, podando o tronco, as follas e as raíces cada certo tempo, dependendo da especie.

## Cultivo:

É conveniente cultivalos no exterior durante todo o ano. No caso das especies tropicais e subtropicais, estes han de protexerse das temperaturas baixas durante a época máis fría, protexéndoos nun invernadoiro frío moi ben iluminado. En todo caso, se se cultiva no interior de casa, debe estar lonxe de fontes de calor e xunto a unha fiestra moi luminosa, sen sol directo, só durante a época fría do ano.




**Brión:**

O brión é unha parte decorativa opcional que achega unha textura sedosa á superficie do chan, aínda que tamén é útil para manter máis a humidade na terra durante a época seca. No entanto, aínda que o brión resulta agradable visualmente, é necesario que non cubra máis do 50% da superficie da maceta para que as raíces poidan respirar adecuadamente e poidase realizar unha rega correcta observando a situación na que se atopa a superficie da terra. En ningún caso débese cubrir parte do tronco.

**Rega:**

Hase de regar cando a superficie da terra comeza a secarse e de forma abundante, é dicir, ata que salga pola drenaxe. Isto adoita suceder dependendo de moitos factores (época do ano, clima da zona, actividade da árbore, situación, etc.) e, xa que logo, a rega pode ser necesario varias veces ao día no verán ou cada dous ou tres días no inverno. A mellor auga que se pode utilizar é a de choiva, xa que é a que absorben as raíces das árbores no seu estado natural. Ao utilizar auga de uso corróente se recomenda deixala repisar como mínimo 24 horas, xa que deste xeito gran parte do cloro e deamos elementos químicos nocivos quedan no fondo do recipiente. Tamén é recomendable o uso de auga cun pH de 6,5. A pulverización das follas só debe empelarse cando se haxa aplicado un tratamento funxicida preventivo na primavera e ouro en opoño, pola contra aparecerán os longos, especialmente se o cultivo é en interior ou invernadoiro. Se a maceta está moi seca, ou a auga non penetra ben no chan, é conveniente mergullar a maceta en auga e deixala repisar uns minutos. No entanto, este sistema de rega só se debe utilizar en caso de emerxencia e nunca como un método habitual de rega.



**Abono:**

O máis adecuado é o abono orgánico sólido (hachos con parinas, de soia, de sangue ou ósos). Hai que abonar especialmente durante os períodos de crecemento e formación de xemas (primavera e opoño). Se se usa fertilizante químico líquido deberíanse seguir as instrucións do fabricante, xa que se se utiliza en exceso pódense queimar as raíces. En período de repouso vexetativo, é preciso deixar de abonar, salvo que o seu cultivo sexa en interior. Non se deben abonar plantas débiles ou enfermas, nin durante os trinta días posteriores a un transplante ou poda.

**Poda:**

Realízanse de dúas clases:

•**Poda de mantemento:** serve para formar aos poucos o bonsai e para acentuar as formas desexadas. Para facelo pódanse as poliñas cando teñen 7 ou 8 pares de follas, cortando por encima dos 2 ó 3 primeiros pares de follas. Hanse de quitar as follas amarelas e brótelos do tronco.

•**Poda drástica ou de formación:** consiste en podar drasticamente para darlle a forma desexada. A forma de poda más drástica é a que se realiza aos exemplares en escoba: cando se quere crear este estilo débese cortar o tronco cunha navalla afiada en bisel ou cóncavamente para que as ramas que xurdan fágano desde o mesmo punto. E para que estas crezan cara arriba convén rodear o corte cun cartón opaco que sobresaia uns 5 cm. para que as poliñas diríxanse cara arriba disimulando a cicatriz. A ferida do corte débese untar cunha pasta cicatrizante.



# Os alumnos de 6ºA despidense

Ola, eu son Nerea Cordeiro Cerviño e son alumna deste colexio, o C.E.I.P. Montemogos de Beluso. Estou en 6º de primaria, pódese dicir que xa son maior. O motivo desta carta é que para o próximo curso vou empezar primeiro da ESO e terei que deixar este colexio que tanto quero. Esta carta escríboa para despedirme do colexio e contarvos algunhas cousas que me pasaron nel. Para empezar quixera dar as grazas a todo o claustro de profesores do colexio por ensinarme todo o que sei, por darme consellos, e sobre todo, por aguantarme durante estes seis anos. **GRAZAS A TODOS!!!!!!** Deste colexio levo moitos recordos e anécdotas: boas e malas. Tamén me levo moitos amigos e amigas que non quixera esquecer áinda que o futuro nos separe.

Comecemos polo principio. Recordo moi ben o meu primeiro día de colexio, áinda que era moi pequena. Estaba moi nerviosa e triste por deixar o meu antigo "cole". Pero, tamén, estaba moi contenta porque dicía que xa era maior. Ese día, recordo que o pasei moi mal porque, nada máis saír ao patio do colexio, uns rapaces que estaban xogando a pelota, déronme un balonazo na cara!!!!. Áinda que ese día tamén tivo cousas moi boas ; coñecín as miñas primeiras amigas e amigos. Seguín crecendo, madurando e sacando moi boas notas e debuxando ben. A verdade, vou botar moito en falta este colexio e a todos os profesores (porque no fondo collinlles moito cariño). Tamén vou botar en falta: o patio, as aulas, a biblioteca, a aula de música, antigos compañeiros...

Non sei que me agarda no futuro, pero non teño ganas de que a hora de marchar para o instituto se aproxime. Eu quero quedar!!! Pero tamén teño que seguir coa miña vida e medrar. Espero que no futuro todo vaia ben e que me acostume pronto ao instituto. Agora teño que dicir adeus. Espero volver pronto de visita e que coideedes moito os materiais para que todos poidan disfrutar de todo como disfrutei eu e os meus compañeiros.

Nerea

Ola: Chámome Andrea, como sabedes este é o meu último ano neste colexio, así que quixera despedirme contando como foron todos estos anos aquí.

Para empezar quero dicir que todo este tempo no colexio foi estupendo e que nunca o esquecerei, porque si é verdade que tiven ratos bos e ratos malos, a maior parte deles son bos. Tiven moitos profesores, en xeral bastante bos; tanto para ensinar como no trato dentro e fóra da clase. O longo deste tempo fixen moitos amigos, a maioría compañeiros da miña clase. Áinda que hai dúas nenas que son as miñas mellores amigas: Clara e Lorena. Menos mal que a maioría van ir comigo ao instituto.

Despídome de todos vós con agarimo.

Andrea

Vou botarte de menos, biblioteca; tamén a ti, Belusiña; a ti, patio, onde recibín tantos balonazos; ás aulas; ao pasillo, decorado con tantos poemas. Sítios de onde gardo tantos recordos, bos e malos tamén.

Dou grazas ao Claustro de profesores por ensinarme tantas cousas e por portarse tan ben comigo.

Daniel

Desde 1º de primaria ata agora pasaron seis anos. Nestes seis anos coñecín a moitos amigos cos que agora me levo xenial. Tamén coñecín profesores, algúns bos e outros menos bos, pero todos eles ensináronme cousas distintas, asignaturas diferentes...

Nestes últimos anos pasaron moitísimas anécdotas que xa vos contarei noutro momento, porque agora teño que despedirme deste fantástico colexió e darlle as grazas a todos os profesores, a Belusiña e, en resumo, a todos.

Sergio

Ola, son Alex, un alumno de 6º de primaria. Como para o ano non vou estar neste colexió porque vou á ESO, a Bueu, quería despedirme de todos vós, dos alumnos, dos profesores, do patio do colexió, da biblioteca,...

Agora, quería facer un repaso dos cursos que pasei neste colexió: primeiro, foi un curso no que tiven que coñecer aos nenos porque eu chegaba doutro colexió; segundo, non foi moi divertido porque o noso profesor púxose enfermo; terceiro e cuarto, foron cursos divertidos e tiñamos unha profesora moi boa; quinto, foi o meu curso favorito, porque saquei moi boas notas e fixen máis amigos dos que tiña; agora, en sexto, estou pasándoo bastante ben.

Por último, quería dar as grazas aos profesores por ensinarme todo o que sei.

Alex



Adeus colexio!

Vou botar de menos os bos e tamén os malos momentos que pasei aquí. Eu recordo case todo o que pasei e con quen estiven durante a miña estancia neste colexio: os profes, os compañeiros, os amigos,... Tiven moitas anécdotas, pero non podo contalas todas, así que só vou contar unha. Estaba eu coas miñas amigas nas pedras (que hai no patio do colexio) e fun tan rápido cara a elas que... paf!! Tropecei cunha pedra e caín ao chan. Fíxeme dano, pero eu ríame porque me deu gracia.

Carlota

Aínda que so foi un curso o que pasei neste colexio, tamén quería despedirme e dicirvos, que este ano paseino xenial, coñecín uns amigos estupendos.

Antes de despedirme quería contarvos unha experiencia que pasei e que a metade de vós víchedes: estabamos en ximnasia, e eu estaba saltando o salto de altura, pero como lle tiña medo, o profesor deixoume no recreo para que o perdera, e... chegaron todos os rapaces e rapazas (porque fóra estaba chovendo) eu tiña moita vergoña. Pero ao final saltei. Esa é unha anécdota que vos conto, hai más, pero xa vos contarei noutro momento. Agora despídome esperando que todos o pasedes xenial neste colexio.

Mari

Ola. Chámome Lorena e estou no último curso, 6º. Sabedes que dentro de pouco voume ter que marchar á ESO, por iso quero que saibades que, aínda que o colexio é moi aburrido e cansado, podedes lembrar cando sexades maiores grandes momentos como os que pasei eu ao longo destes anos, con bos momentos e outros non tanto. Pero nos que fun medrando e aprendendo moitas cousas.

Pois, amigos meus, vou botar de menos este colexio. Espero que algún día veñades onda nós!

Lore

O de despedirme está un pouco no aire , porque as miñas notas ata agora non foron demasiado boas, pero creo que, ao final, vou marchar para a ESO, porque nesta última avaliación estou traballando arreo. Así que despídome do Claustro de profesores, da biblioteca, de Belusiña, dos demais nenos do colexio.

Deséxovos boa sorte a todos.

Yerón

Ola son Clara , estou en sexto de primaría e para o ano teño que irme á ESO, igual que todos os meus compañeiros. Todos estes anos tiven moitos e moitas profes e, en xeral , case todos foron bos. Lembrome perfectamente do meu primeiro día en primaria . Foi un día moi especial para min , pero estaba un pouco asustada porque os meus compañeiros de parvulitos tocáballes en B e a min en A . Pero non me importou, porque miña nai díxome que ía coñecer unha nena chamada Andrea que era prima de Álvaro, un neno que estivera comigo en

parvulitos. A verdade é que estou moi contenta cos meus compañeiros e compañeiras.

Agora vouvos contar unha anécdota que me pasou a mí e a miña amiga Andrea. Estabamos en primeiro e tocara o timbre para irse á casa e Andrea e eu tiñamos que ir en bus .A profe non lle deixaba a ninguén saír da clase (agora mesmo non me acorda por que). Estivemos alí alomenos 10 minutos. Lembrome de que os nenos e nenas da clase que íamos en bus non paramos de suplicarlle que nos deixara saír se non perderíamos o autobús, pero non nos fixo caso. Cando por fin nos deixou Andrea e eu saímos escopetadas, pero o autobús xa marchara . Entón empezamos a chorar. Nese momento, veu a nai de Nerea para ofrecerse a levar a Andrea a casa e logo veu o meu tío Moi para levarme a miña casa. Todo solucionado!

Xa toca despedirse. Como non me gustan nada as despedidas, máis que adeus, dígovos... deica logo

Clara

Xa van seis anos neste colexio e neses anos coñecín a moitos amigos. Foron uns anos moi bos, paseino moi ben. Os profesores foron moi bos comigo. Agora vou para a ESO ilusionado pero cun pouco de medo. Ata sempre colexio e tamén estrañarei as mesas de pimpón (nas que tanto xoguei e me divertín)

Serafín

Chegou o momento da despedida: os de sexto, marchamos!

Por fin rematamos a primaria e ímonos para a ESO. Isto é como deixar de ser nenos e empezar a ser maiores. Algo que desexamos, pero que tamén nos fai sentir, por un lado, medo ao descoñecido: novos compañeiros, novos profesores, máis responsabilidade...E por outro, un pouco de morriña por deixar este colexio no que medramos en altura, en coñecementos, en actitudes...e que tantos recordos,bos e menos bos, nos aporta. Ata sempre!

Anxo, Arón e Noel



# LETRAS GALEGAS 2011



# FIADEIRO

